

Casa reitoral

050059

Datos de Localización

Casa Reitoral

Nomenclator:	3207702
Coord. UTM:	X: 60285340 Y: 466620341
Concello:	Sandiás
Parroquia:	PIÑEIRA DE ARCOS
Lugar:	Piñeira de Arcos
Tipoloxía:	Arquitectura Civil
Tipo:	Casas Reitorais
Subtipo:	Casa Reitoral
Denominación:	Casa reitoral
Etapa Histórica:	Idade Moderna
Estilo relevante	Popular



Outros Estilos:

Descrición:

A casa reitoral de Piñeira de Arcos é unha das máis senlleiras da comarca da Limia. É unha construción de grandes proporcións que presenta pranta en forma de "U", consta de baixo e primeiro andar. O edificio artéllase en torno a un grande patio, ó que se accede a el dende o exterior a través dun portalón alintelado, na ficha do inventario do planeamento urbanístico afírmase que se empraza nel unha fonte, hoxe invisible pola mesta maleza que ocupa o espazo.

A casa é unha amalgama de construcións que obedecen a momentos diferentes, eso apréciase moi ben no granito empregado, unhas veces son perpiaños de boa labra e ben asentados, outros tramos están realizados mediante perpiaños irregulares, e mesmo en ocasións son visibles partes de cachotería. O granito en partes preséntase con restos de encintado e noutros tramos sen ningún rastro deste elemento.

Malia as magnitudes da reitoral, non son moi numerosos os vanos que se aprecian nas súas paredes -algúns a día de hoxe cegados-, pódense contemplar dende simples bufardas ata fiestras de maiores dimensións con montante. Este feito atribúelle ó edificio un forte carácter de robustez, xunto coas dúas torres adosadas ó edificio que presentan pranta cadrada e están realizadas a base de perpiaños de boa labra. Rematan os seus muros nunhas logradas cornixas do mesmo material.

É posible ver no caleado dalgunhas paredes repetida en varias ocasións a data de 1790. A cuberta é de madeira e tella curva.

A proximidade coa igrexa parroquial é notoria, é ademais é de reseñar a grande finca que bordea ó edificio

DOCUMENTACIÓN:

- Ficha do inventario de xacementos arqueolóxicos da Xunta de Galicia.
- Ficha do catálogo do planeamento urbanístico do concello de Sandiás. Clave de identificación: AC-18.

Características Construtivas

Plantas: B+1

Edif. Anexas:**Mat. Fachada:** Granito**Mat. Estrutura:** Granito**Mat. Cuberta:** Tella**Elementos singulare****Construtivos:****Decorativos:****Delimitación do Ben e da contorna****Situación:** Outros**Area de Protección:** 100m.**Protección****Tipo de ben:** Inventariado**Proposta de tipo de ben:****Estado de Tramitación:** Declarado**Nivel de Protección Arq.:** Integral**Proposta Nivel de Protección Arq.****Grao de Protección Arq.:** ----**Proposta Grao de Protección Arq.** ----**Xustificación da Protección:****Titularidade****Polígono:****Parcela:****Conservación-Intervención****Estado de Conservació** Malo**Uso Actual:** Sen uso**Alteracións Morfolóxicas****Tipo:** Na fachada principal anexouse unha especie de pórtico en total disonancia co estilo do edificio**Data:****Descrición:****Proxecto:****Axentes:****Observacións:**

Bens Mobles









